

RUMBO¹⁰

Á INTELIXENCIA NATURAL



Título: *Rumbo* nº 10

Publica: Equipo de Dinamización da Lingua Galega_ IES San Clemente
Rúa San Clemente s/n_ 15705, Santiago de Compostela, Galiza

Licenza: creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0

Podes compartir este folleto: copialo, distribuílo e transmitilo.

Podes transformalo, se o resultado final o distribuíres con esta licenza.

Debes atribuír as obras ás autoras e aos autores.

Non podes utilizar os contidos deste libro para fins comerciais.


Cada autor/a ten todos os dereitos reservados sobre as súas obras.

Website: www.iessanclemente.net/rumbo

Contacto: edlg@iessanclemente.net

Impreso en Galiza: Santiago de Compostela

Edición: xuño 2025



RUMBO¹⁰ Á INTELIXENCIA NATURAL

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
IES SAN CLEMENTE, SANTIAGO DE COMPOSTELA



E XA VAN DEZ!

Máis unha vez, nesta nova entrega da serie *Rumbo*, elaborada polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega, recollemos e pomos en valor todo o material xuntado ao longo do curso grazas aos certames, concursos e actividades que organizamos.

Queremos lembrarvos que toda a comunidade educativa ten as portas abertas para participar!

Avante toda coa lingua que nos une como galegas e galegos!

Avante toda co IES San Clemente, desde o corazón de Compostela para o mundo!

ÍNDICE

UN LOGOTIPO PARA UN PROXECTO:
ESCOLLEMOS GALEGO

páxinas seis e sete

FELICITACIÓNS DE ANO NOVO

páxinas oito e nove

MICROVÍDEOS

páxinas dez e once

CONTOS MATEMÁXICOS

páxina doce

DÍA DAS LETRAS (E MARCADORES)

páxinas trece a dezasete

CASTELAO: 75 ANOS DE LEGADO

páxinas dezoito
a vinte e catro

A REVOLUÇÃO DOS CRAVOS

páxina vinte e
cinco (cal ía ser?)

CALDO DE GLORIA

páxina vinte e catro

OUTRAS ACTIVIDADES

páxina vinte e seis

CONCURSO DE LOGOTIPO

ESCOLLEMOS GALEGO

Comezamos o ano pondo en andamento a iniciativa Escollemos Galego. Precisabamos logotipo, así que fixemos unha chamada aos incribeis talentos que temos na casa:



**DESEÑA O LOGOTIPO:
ESCOLLEMOS GALEGO**

Deseño o logotipo oficial para o proxecto "Escollemos Galego", cuxa finalidade é promover o uso da lingua galega.

O logotipo gañador será empregado en materiais promocionais, campañas e eventos relacionados co proxecto para toda Galiza.

Premio: vale de 100 €.

**para alumnado
do IES San Clemente**

ATÉ O 25 OUTUBRO

Envía a túa proposta a:
edlg@iessanclemente.net

 XUNTA DE GALICIA |  INSTITUTO EDUCACIÓN SECUNDARIA SAN CLEMENTE

E OLLA QUE LOGO XENIAL!

O xurado acordou por unanimidade entrega o premio ao deseño presentado por Sara Montero Moure, de 2º curso de DAW, baseado nun elemento de talla tradicional en castiñeiro que se pode encontrar en móbeis antigos, ao que lle engadiu un ornamento que evoca a xeometría dos petróglifos.



Ademais, o xurado determinou outorgar un accésit para o deseño realizado por Raquel Torres Martínez, tamén de 2º curso de DAW.



15º CONCURSO DE FELICITACIÓNS DE ANO NOVO



Nin o Apalpador nin as persoas que o axudaron como xurado tiveron nada fácil escoller as nosas felicitacións para enviar os bos desexos para o ano 2025. Vede que cousas boas, unha mostra do orgullo e o talento que agroman nas nosas aulas

1º PREMIO

Sara Montero Moure



2º PREMIO
Mónica Vidal Pena



3º PREMIO
Latizia Lafuente Fernández



10º CERTAME DE MICROVÍDEOS

Un ano máis, o talento e a creatividade sobardaron as pantallas no Certame de Microvídeos convocado pola Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do noso instituto.

Vídeos orixinais e con moita retransmisión chegaron de todos os recunchos do planeta (si, tamén do noso propio instituto!). O galego foi o protagonista en todos os casos.

Podes ver todas estas creacións desde a web do noso centro.
Non as perdas!

Gañadora da categoría xeral:

“Superpoderes”,
do grupo de alumnado de 2º de Bacharelato do IES Río Miño.



Gañadora da categoría IES San Clemente

“O anuncio imposible”, de Iván Sánchez Fumega e Eric Roca Fernández.




Gañadora da categoría Escollemos Galego

“Arandos”, do Clube creativo Café de Pota.



COÑECE OS CONTOS MATEMÁXICOS

O noso compañeiro Antom Labranha, durante moitos anos colaborador do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, ensina Matemática de forma divertida a través deste libro, cuxa venda ten un fin solidario. Non o perdas!



Este caderno non vai ser posto á venda; pídesse un donativo de 10€ por exemplar, que serán integramente destinados á loita contra o cancro.



Quen estea interesada/o pode recollelo e deixar
alí o donativo, se for en **Compostela** en
"De-volta-e-media"
(As Marias, na rúa de San Pedro, 38).
Grazas.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Con motivo do Día das Letras Galegas 2025, dedicado ás sete cantareiras homenaxeadas este ano —Adolfina e Rosa Casás Rama, Eva Castiñeira Santos, Manuela Lema, Teresa García Prieto, Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda—, desde o IES San Clemente realizamos unha serie de actividades buscando a participación e a celebración.

Por un lado, desenvolvemos unha exposición na entrada do centro e, tamén, unha proposta para partillarmos e dedicármonos cantigas populares. Ademais, no propio Día das Letras realizamos unha foliada nas portas do instituto, que foi un dos momentos máis especiais de todo o ano.

Convocamos, así mesmo, o noso tradicional concurso de marcadores de libros; nesta ocasión, co lema “Escollemos cantar en galego”. A participación foi un éxito e queremos agradecer a todas as persoas que enviaron as súas propostas cheas de creatividade, cor e compromiso coa lingua que nos une como galegas e galegos.

Parabéns ás gañadoras e grazas a todo o alumnado participante por manter viva a lingua galega a través da arte!

15º CONCURSO DE MARCADORES

O 1º premio alcanzouno Letizia Lafuente Fernández:



O 2º premio distinguiu a achega de Sara Montero Moure:



O 3º premio recoñeceu, ex aequo, dúas propotas.
Por un lado, a de Raquel Torres Martínez:



Ademais, tamén obtivo o 3º premio o grupo 2 do CEE Manuel López:



PREMIO DE POESÍA ESCURECIDA: CASTELAO, 75 AÑOS DE LEGADO

O pasado 7 de xaneiro foi o 75 aniversario do falecemento de Daniel Castelao, unha das persoas máis importantes da nosa Historia. Por iso, quixemos homenaxealo e animar a redescubrilo a través do seu ensaio *Sempre en Galiza*, que é tamén a obra máis censurada de toda a literatura galega (que non é, de seu, unha literatura onde rareen as obras censuradas).

Convidamos a coller unha páxina de calquera edición do *Sempre en Galiza* e aplicar nela as técnicas da chamada poesía escura ou escurecida, tamén coñecida pola súa denominación en inglés, *blackout poetry*. Este método creativo consiste en coller a páxina dun libro e ir riscándoo de xeito que só fiquen ao descuberto algunhas palabras, que conformen un novo texto, diferente ao que existía na orixe.

Que mellor homenaxe para podermos sentir a forza das palabras prohibidas!

Foi un auténtico pracer recibir tantas propostas cheas de creatividade e compromiso coa nosa lingua e cultura!



palmente, o amor á Terra. E cando decimos "a nosa Terra" queremos dicir "a nosa Nación". A Terra é a Matría.

Para o dito autor non hai máis límites nacionais que os do territorio, e dá como solución do problema das minorías —problema idiomático, racial, etcétera— a igualdade de dereitos pola plena democratización do país. (Galiza non é, non, unha minoría nacional; é unha nación). Para nós, os galegos, tampouco pode haber máis fronteiras (perdoádeme esta verba odiosa) que as fronteiras verticais, que limiten a nosa Terra; pero endexamáis consentiríamos tabiques horizontais que dividiran o noso pobo en castas. Ademittimos a variedade dentro da unidade, para constituír, precisamente, un modelo exemplar de democracia.

A raza non é tan siquiera un signo diferencial da nacionalidade, e non se pode fundar ningunha reivindicación nacional —así di Stalin— invocando características de raza. Para nós, os galegos, afeitos a percorrermos o mundo e a convivir con todas as razas, o nacionalismo racista é un delito e tamén un pecado. Endexamos medimos os diámetros do noso cráneo, nin llo medimos a ningún para ser admitido na nosa comunidade.

Certo que nós sentimos celos; pero máis que pensar nos invasores que nos deron o pulo xenérico da nosa unidade espiritual, pensamos nas afinidades étnicas que nos asemellan a outros pobos atlánticos que viven nos Fisterres: irlandeses, galeses, bretons, etc. E tales signos diferenciaes atribuímos ao poder creador da Terra Nái, molde que nos vai facendo á súa imaxe e semellanza. O sol é único para todos os homes do mundo; pero fai negros en África e brancos en Europa. E a nosa Terra ten poder bastante para facer brancos aos negros.

Fai moito tempo escribín un conto. Érase un *habanero* que trouxo un rapaciño negro, como podía traer un papagaio ou un fonógrafo... O *habanero* morreu, e o negro che-

cobardías— negáronse a estimaren os anxeios liberadores do noso povo e finxiron asombro pol-o noso caciquismo. Pero xa é hora de dicir que os galegos non soportaríamos o caciquismo de outros povos hespañoes, onde se venden os Censos eleitoraes, enteiros, ao mellor postor.

Que non se esqueza. O caciquismo galego deixará de existir cando se lexisle para Galiza e os labregos se sintan amparados pol-a Lei, sen medo á Xusticia, e cando as súas terras sexan inembargables, como é o piano dos pianistas e o "Alcubilla" dos abogados. Entón ningún curial podería engoumar o ánimo d-un labrego con este dito: "Decías que eras probe e tiñas unha vaca, eh?". Entón os labregos moquearanse dos caciques como xa se moquean os marifeiros.

O cacique auténtico, creado pol-as inxusticias da Lei, nutrido con perniles e lacóns regalados, apenas merece a nosa preocupación; pero hai unha chea de "mandóns" da política centralista, que son mil veces piores e non merecen o nome de caciques, porque non viven a carón do povo, nin representan a vontade da tribu, nin posúen os xeitos e virtudes da caste, nin teñen unha forza emanada do seu valimento persoal. Estes caciques son terribles, porque exercen o poder a distancia, porque bulran a vontade popular, porque son irresponsables e inmunes, porque dispoñen da forza coercitiva do Goberno central. Estes falsos caciques trasladan xueces e maxistrados que fan xusticia, destitúen concelleiros que falan con claridade nas sesións, nomean alcaldes que non teñen diñidade persoal, desvían o trazado das estradas para levarlas á porta dos amigos, reparten *enchufes* aos ladróns, falsificadores de actas eleitoraes, amparan a carteiros que cegen a correspondencia dos veciños, regalan ou venden credenciais de funcionarios, amañan tribunaes de oposición, controlan aos Gobernadores civís, interveñen as instancias e reclamacións dos cidadáns, etc., etc. Esta caste de caciques xurdeu despois da Restauración, e foi creada por unha necesidade vital da monarquía e do centralismo, para disimular os xeitos antigos con aparencias de democracia parlamentaria. Non hai dúbida de que este caciquismo invertido, "que ten as raíces enriba e as pontas embaixo", é o puntal máis forte do sistema unitario, de que, a cada vez, é parásito corruptor.

Decía Pi y Margall: "As rexións autónomas, din, seguirían

[illegible]

~~Prohibíchedes o galego nas escolas~~
~~Expulsáchedes o galego das~~
~~eirexas,~~
~~Expulsáchedes o galego das~~
~~E~~
~~Recebeu o galego~~
~~Til~~
~~¿E de que vos valeu?~~
~~Despois de máis de~~
~~o noso idioma está vivo.~~
~~Despois~~

A series of ten horizontal black bars of varying lengths and wavy patterns, representing redacted text.

Castela de Galiza e, asimismo, a homoxeneidades da súa alma e autoctonia dos seus módulos, e de creer no suposto de Antonio Sardinha, representaríamos nós o grupo étnico máis hispanol, de onde debía partir o impulso unitario e de onde, en verdade, parteu.

Para que non haxa dúbidas encol dos nosos pareceres —ao cabo somos galeguistas— recurríremos a Menéndez Pidal, tan pouco amigo de Galiza que a miúdo lle chama “portugués” á lingua galega, aínda que se refira a períodos anteriores á existencia do Portugal de hoxe. Nos tempos visigodos e até o século XIII falábase na maior parte da Hispânia unha lingua bastante uniforme nos seus caracteres principais. Esta lingua formaba un anelo ao redor do romance castelán, tan soio interrompido pol-a disidencia visca. O romance de Castela difería dos demais romances hispanos en que estes estaban máis arrentes do latín. A fala andaluza asemeñábase aos dialectos extremos. O galaico-portugués e o leonés achegábanse polo Norte ao aragonés e catalán; pero polo Sul e o Centro xuníanse a través dos romances que se falaban en Toledo e Andalucía. Así é como se explican as sorprendentes afinidades do catalán e o galego, a pesares do arredamento en que hoxe viven. Pois ben; o proceso de unificación lingoística (base primeira para chegar á unidade integral), non foi interrompido por ningunha acción da periferia, senón pol-a expansión militar e social do Centro. Velami as verbas de Menéndez Pidal: “*el empuje que Castilla supo dar a la Reconquista y a la literatura, propagó el dialecto castellano, antes insignificante, dilatándose por el Sur, y donde desuljó al empobrecido idioma de los mozárabes, rompiendo así el lazo que antes existía entre los dos extremos oriental y occidental*”. Adrede apañamos a opinión do castelanista Menéndez Pidal para poder dicir que Castela non somentes deixou de realizar a unidade hispana senón que impideu a súa realización, interpóndose de Norte a Sul antre a converxencia dos elementos extremos. A toma de Granada, con que Castela deu remate á Reconquista, non significa, en modo algún, o comenzo da unidade hispanola, pois nin se abreu xenerosa aos povos irmáns nin logrou castelanizalos. Certo que absorbeu unha gran parte da Península, arrancando de raíz os dialectos intermedios; pero na existencia estatal portuguesa e na diferenciación catalana, galega e vas-

Beatriz López Dorado, 1º premio na categoría de persoas de calquera idade:

liberalismo

governos

liberaes

seudoliberalismo

eu

ceibaría

a verba "liberdade"

Roberto Carballo López, 2º premio na categoría de persoas de calquera idade:

ba, ofende a agora nos hespañes. A nos ameigamos a pre-
senciabilidade dunha Hespaña que se crea carrega a non abar-
ra de paz en paz a porta principal da seu domicilio

Faremos unha declaración final para reunir os nos-
reptos espallados nestas páxinas en co da nosa oración nos-
xa que nos preferimos chamar "hispanica". Os galegos sem-
pre pensamos en resolver os problemas privados de Galicia
dentro do Estado hespañol, dentro dunha Hespaña que será
portugal, o acorá de todos os pobos peninsulares, sen pre-
fexos nin servidumes. Non é posible, claro está, que acpta-
mos a política asimilista da actual Hespaña, porque sabemos
que ela causou a separación de Portugal, está excludendo
outras separacións, indeclaradas pero sentidas. Se o por-
fahenda que é consustancial con decadencia de Casela, et
pode aspirar a confiscación dos feitos diferenciaes, en vez de
lamentalos e humanizalos como compoñentes naturais da
acervo común. Talquera que nos lea sen prexuízos verá que
os galegos non queremos arredarnos de Hespaña sen caber-
mos aduntes a esperanza de vela engrandecida para a nos-
gratidade como con Portugal é unha de xeneralismo que a
unipolaridade impuquemos.

Ningunha outra nacionalidade hespañola —en Galicia
nin Euscadi— ofrece un porvir tan estenso como Gan-
za, cando pensamos que a nosa lingua serve para comunicar-
nos con máis de setenta millóns de almas e cando, xunguidos
en espírito e en verdade a Portugal, podemos insinuar unha
fórmula irrecusable de imperio: todo luz e toda humanidade.
A Hespaña ofrecémolle a nosa cidadanía e todas as posibilida-
des do noso progreso material xunto coa ledicia do noso
benestar e os servizos que a súa grandeza reclama de nós,
porque Hespaña será o Estado; pero a Portugal ofrecémolle o
noso reino creado e todas as posibilidades da nosa renascencia
espiritual xunto coa ledicia da nosa liberdade e os esforzos

Lembramos e festexamos o aniversario da Revolución dos Cravos

O IES San Clemente, a través dos departamentos de Galego e Portugués, en colaboración co EDLG, distribuíu caraveis e palabras para lembrar a importancia histórica do 25 de abril. Festexamos unha evento de Portugal para o mundo, que tivo tamén importantes ligazóns co norte do Miño.



25 de abril, SEMPRE!

Viva a liberdade!

O CALDO DE GLORIA

A comunidade educativa do IES San Clemente festexou o Día de Rosalía cunha exposición de obras sobre a escritora con materiais de recente adquisición da biblioteca, a difusión do poema “Miña casa, meu lar” e cunha celebrada degustación do “caldo de gloria” na pasada sexta feira.

A actividade, organizada polo Departamento de Galego, contou coa colaboración da Biblioteca e do Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Animamos a ler a obra da escritora que, con profundo talento, quebrou tantos esquemas na súa época e abriu unha nova etapa para a literatura galega e para Galiza.



OUTRAS ACTIVIDADES PARA CONTINUARMOS

As propostas no noso centro non son flor dun día. Hai outras iniciativas que comezaron en anos anteriores e que queremos lembrar, co propósito tamén de mantelas actualizadas, coa túa colaboración.

LISTAXE DE REPRODUCCIÓN DE MÚSICA EN GALEGO NO SPOTIFY

No curso escolar 2023-24, o EDLG do noso instituto puxo no Spotify unha lista de músicas en galego. Entra e dinos as túas propostas para a irmos facendo maior:



CONTRA O XENOCIDIO, LECTURAS SOBRE PALESTINA

O EDLG do IES San Clemente entendeu que non debía permanecer alieo á barbarie que estaba a acontecer na Palestina, un país cunha cultura de seu co que sentimos unha forte irmandade.

Lembrades as recomendacións de lecturas que elaboramos no seu momento, e que continúan a ser útiles para nos orientarmos. Se queredes suxerir algunha máis en galego ou portugués escribídenos a edlg@iessanclemente.net



palmente, o amor á Terra. E cando decimos “a nosa Terra” queremos dicir “a nosa Nación”. A Terra é a Matría.

Para o dito autor non hai máis límites nacionaes que os do territorio, e dá como solución do problema, das minorías —problema idiomático, racial, etcétera— a igoaldade de dereitos pola plena democratización do país. (Galiza non é, non, unha minoría nacional; é unha nación). Para nós, os galegos, tampouco pode haber máis fronteiras (perdoádeme esta verba odiosa) que as fronteiras verticais, que limiten a nosa Terra; pero endexamais consentiríamos tabiques horizontaes que dividiran ó noso pobo en castas. Ademitimos a variedade dentro da unidade, para constituír, precisamente, un modelo exemplar de democracia.

A raza non é tan siquera un signo diferencial da nacionalidade, e non se pode fundar ningunha reivindicación nacional —así di Stalin— invocando características de raza. Para nós, os galegos, afeitos a percorrermos o mundo e a convivir con tódalas razas, o nacionalismo racista é un delito e tamén un pecado. Endexamais medimos os diámetros do noso cráneo, nin llo medimos a ninguén para ser ademitido na nosa comunidade.

Certo que nós sentimos celtas; pero máis que pensar nos invasores que nos deron o pulo xenésico da nosa unidade espiritual, pensamos nas afinidades étnicas que nos asemellan a outros pobos atlánticos que viven nos Fisterres: irlandeses, galeses, bretóns, etc. E tales signos diferenciaes atribuímos ao poder creador da Terra Nai, molde que nos vai facendo á súa imaxe e semellanza. O sol é único para tódolos homes do mundo; pero fai negros en África e brancos en Europa. E a nosa Terra ten poder bastante para facer brancos aos negros.

Fai moito tempo escribín un conto. Érase un *habanero* que trouxo un rapaciño negro, como podía traer un papagaio ou un fonógrafo... O *habanero* morreu, e o negro che-